



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Extpe. 2021/G007/000034

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ásdez horas do día nove de setembro dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten todos/as os/as concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, Don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 26.08.21.-

A meritada acta resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e unanimidade dos presentes que asistiran á dita sesión.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2021/49.-

PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/49 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de unha factura ascende á cantidade de TRECE MIL TRESCENTOS DEZ EUROS (13.310,00 €). A factura que integra a antedita relación figura como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en data 27/08/2021 en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/49 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 13.310,00 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. Dixitalmente*) “

Analizadas pola **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

3º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN N.º 1 E FINAL DA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CAMPO DE MOURENTE.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“Proposta de aprobación da certificación n.º 1 do Proxecto Mellora de Eficiencia Enerxética no Campo de Mourente da Convocatoria POS+AD-OBRASSUM/2019 Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional) da anualidade 2019 da Excm. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 10 de xuño do 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño na mesma data.

A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria Valdonaire Soluciones Técnicas S.L. con C.I.F. núm. B87577102 o 11 de xuño do 2021 por importe de 33.275,00 €.

En virtude do enunciado esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a certificación n.º 1 do Proxecto Mellora de Eficiencia Enerxética no Campo de Mourente e a correspondente factura número 270000124 do 10 de xuño 2021 con número de rexistro contable F/2021/2062, emitida por Valdonaire Soluciones Técnicas S.L. con C.I.F. núm. B87577102 por importe de 33.275,00 €.

Segundo.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 do Proxecto Mellora de Eficiencia Enerxética no Campo de Mourente deberán descontárselle 1.182,68 € pola dirección e inspección de obra e 394,23 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Proposta asinada dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data idicada á marxe”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus compeñentes, ACORDA:

- 1º.- Aprobar a proposta de Alcaldía anteriormente reproducida, de data 27/08/21.
- 2º.- Que pola secretaría municipal se realicen os trámites derivados da adopción do presente acordo.

4º.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DONA VERÓNICA FIGUEROA TEIJEIRO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Vista a instancia de dona Verónica Figueroa Teijeiro, formulada en data 27 de agosto de 2021, rexistro xeral de entrada núm. 20210000002047 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrita.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona **VERÓNICA FIGUEROA TEIJEIRO** cunha validez de **CINCO ANOS** dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron á interesada como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- Notificar o presente acordo a interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos; debendo constar ao dorso da notificación as obrigas que deben cumprir os titulares da licenza e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.

5º.-APROBACION EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE OBRA:PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERIAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“ASUNTO: INICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERIAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO

Dáse conta á Xunta de Goberno Local dos trámites preparatorios para aprobar o expte de contratación e inicio de adxudicación da obra referenciada.

O expediente ten a referencia: **2021/C003/000006**

O proxecto técnico da obra redatouno o arquitecto José Antonio Manuel Alonso Rodríguez, colexiado núm. 1050.

Importe do proxecto.- 204.396,45 euros sen IVE.

IVE.- 42.923,25 euros

TOTAL.- 247.319,70 euros.

Asinouse convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Valdoviño no que se establecen as bases para a reforma do Centro de Saúde, sendo que se cofinancian as obras a realizar, aportando o Servizo Galego de Saúde a cantidade de 87.088,00€, e o Concello financia o restante importe (160.231,70€) do seguinte xeito:

Préstamo.- 84.000 euros

Remanente líquido de tesoureiría.- 76.231,70 euros.

Consta a acta de replanteo para comprobar a viabilidade sobre o terreo do proxecto para a execución das obras.

Consta providencia da Alcaldía para a aprobación da contratación.

Consta memoria de Alcaldía

Verificando a Secretaría do Concello que o expediente de aprobación da contratación citada está formado pola documentación mínima esencial para a súa aprobación, e deixando constancia de elo aos efectos de dar cumprimento ao esixido na LCSP,

Esta Alcaldía, en base ao anteriormente exposto, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público; en uso das atribucións conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de obra así coma o expediente de contratación, tramitación anticipada do proxecto de obra PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN OBRAS EN FACHADA E CARPINTERIAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO ao abeiro da Disposición adicional terceira da LCSP e mediante procedemento aberto, factor prezo, tramitación urxente da obra citada, cun orzamento de licitación de **247.319,70 euros** dos que 204.396,45€ corresponden ao prezo sen IVE e 42.923,25 euros ao IVE.

SEGUNDO: Aprobar a non división en lotes do proxecto xustificado pola concorrencia dos motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017) porque:

- A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico.

- O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

TERCEIRO: Aprobada os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación; pregos de contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos Plans provinciais e outras obras provinciais da Deputación Provincial da Coruña; así coma o Anexo I e Anexo V, que constan incluídos no expediente.

CUARTO: Someter a adxudicación do contrato á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que o financian, con cargo á aplicación orzamentaria 312.63200 do orzamento municipal de gastos; sendo a financiación a descrita anteriormente, na parte expositiva da presenta proposta.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público. (Plataforma de Contratos do Sector Público).

Non obstante, a Xunta de goberno local, acordará o máis convinte. Documento que asina dixitalmente o alcalde. “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.

6º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA: REFORZO DA RODADURA NOS CAMIÑOS DE LAGOA, LANZÓS E CORVAL.

Expte._ 2021/C003/000001

En relación ao expte, referenciado, dáse conta polo Sr. Alcalde á Xunta de Goberno Local de:

- _ Recibo das autorizacións sectoriais solicitadas polo Concello para execución da obra.
- _ Comunicación da empresa adxudicataria da relación de subcontratistas e relación de subministradores.
- _ Esquema período realización do proxecto.

CONSIDERANDO o acordo de adxudicación a favor de “Excavaciones Saavedra y López”, S.L., adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19.08.21, que no seu punto quinto indicaba o comezo dos traballos nos camiños que non precisan de autorizacións de organismos, conforme ao sinalado en informe emitido polo Director de

Obra, en data 18.08.21; circunstancia motivada na urxencia en canto a prazos da subvención (AGADER) para adxudicación e execución do proxecto; que igualmente se recolle no parágrafo segundo da cláusula primeira do documento contractual.

A Xunta de Goberno Local, vistos os antecedentes e á proposta do Alcalde, **ACORDA:**

Primeiro. Tomar coñecemento das autorizacións sectoriais.

Segundo. Tomar coñecemento das comunicacións remitidas por "Excavaciones Saavedra y López S.L", antes referenciadas.

Terceiro. Acordar a execución total da obra ao desaparecer os condicionantes, por ter concedidas as autorizacións solicitadas.

Cuarto. Notificar o presente acordo a Excavaciones Saavedra y López e darlle traslado das autorizacións sectoriais para o seu coñecemento e toma en consideración do seu contido a efectos de continuación e execución íntegra da obra.

7º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO

Licenza primeira ocupación María José Fernández Díaz **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

“- **Expte 09/2019.- MARIA JOSÉ FERNÁNDEZ DÍAZ.-** Para a licenza de primeira ocupación de vivenda sita no lugar de ████████ parroquia de Meirón, Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 160/2016, licenza concedida en X.G.L. de data 9 de febreiro de 2017.

Visto o informe do arquitecto municipal de 3 de setembro de 2021 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro. Conceder á petionaria a licencia de 1ª ocupación de vivenda sita no lugar de ████████ parroquia de Meirón, Valdoviño, segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo. Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 75,20 euros e ICIO 330,30 euros (diferencia entre o presuposto da obra executada inicial e o final, o cal varía de 89.623,95 euros a 101.420,53 euros).

Terceiro. Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 07 de setembro de 2021.

O alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.

Licenza ampliación de vivenda unifamiliar illada Sergio Fernández Lago

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- Expte. de obras 47/2021.- SERGIO FERNÁNDEZ LAGO.- Para as obras de ampliación de vivenda unifamiliar illada e edificación anexa no Lugar de ██████████ N° ██████████ parroquia de MEIRAS -VALDOVIÑO, en solo clasificado como **SUELO URBANO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ORDENANZA 1. RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVIENDA UNIFAMILIAR,** e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polas arquitectas **Patricia Montes Andrés e Carmen Boedo Blanco.**

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 1 de setembro de 2021 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza de ampliación de vivenda unifamiliar illada e edificación anexa no Lugar de ██████████ parroquia de ██████████ VALDOVIÑO, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Patricia Montes Andrés e Carmen Boedo Blanco e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 1 de setembro de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 1.391,38 €. ICIO.- 302,47 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses .

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 3 de setembro de 2021.

O Alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede

8º.- APROBACIÓN PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES DO ANO 2021.-

PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO A FAMILIAS E MENORES 2021:

“Vista a proposta de informe de valoración das “Axudas para as medidas de apoio ás familias e menores 2021” do persoal técnico de Servizos Sociais, emitido pola educadora social Iria García Martínez

e vista a acta da comisión avaliadora, o órgano Colexiado que se establece no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 4 das bases reguladoras (anuncio no BOP Nº 138 de 23 de xullo de 2021), conformado por:

- Ana Belén Pérez Fernández (Concelleira Servizos Sociais)
- Carlota González Navarro (Secretaría)
- Senén Martínez Prieto (Servizos económicos)
- Alberto González (Alcaldía- Presidente)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)

e que se transcribe a continuación

“ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA NO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES 2021.

Reunida a Comisión avaliadora en relación ao procedemento de CONCESIÓN DE AXUDAS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES o día 09/09/2021 ás 09:45 horas procédese a avaliar o informe presentado polo órgano instructor do procedemento, e que se transcribe a continuación:

“INFORME- PROPOSTA PROVISIONAL DAS SOLICITUDES DE MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES 2021.

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en aplicación das bases que regulan as axudas para a concesión de axudas de medidas de apoio ás familias e menores (anuncio no BOP Nº 138 de 23 de xullo de 2021) e en relación ás solicitudes presentadas no prazo estipulado no rexistro do Concello

INFORMO:

1. Que foron valoradas as 60 solicitudes presentadas na forma e prazo establecidos.
2. Que naqueles casos nos que se precisou xustificar ou aclarar a documentación presentada, fíxose un requirimento telefónico e posteriormente presentaron a información por Rexistro municipal para adxuntar ás solicitudes e poder valorar correctamente. Nun dos casos, que non era capaz de presentar un documento telematicamente, enviouno por correo electrónico e adxuntouse á súa documentación.
3. Que a avaliación foi realizada segundo os criterios contemplados nas bases da convocatoria, coas seguintes aclaracións:
 - Debido á complexidade para obter os certificados de Facenda pola dinámica propia do organismo e o seu sistema de atención administrativa ao público, aceptáronse os seguintes supostos:
 - Declaración xurada con exención da obriga de realizar a Declaración da Renda
 - Xustificante documental de ingresos (xustificantes bancarios, pensións alimentos).

- Coñecemento por parte do persoal de Servizos Sociais da situación familiar que explica que sexa familia beneficiaria por cumprir co criterio de insuficiencia económica.

3. Tras a revisión das solicitudes por parte do equipo técnico do Departamento,

1. **CUMPREN** os requirimentos establecidos nas bases as seguintes:

BOLSAS PARA MATERIAL ESCOLAR/MATRÍCULA PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

48 SOLICITUDES, e aplicando criterios de reparto de axudas específicas no baremo corresponderían os seguintes importes a cada solicitude:

Nº	NOME	DNI/NIE	Nº MENORES	% AXUDA	CANTIDADE
1	S.C.M.	32701382-M	1	100	390,00 €
2	I.A.L.	32696088-R	1	100	390,00 €
3	L.S.G.	76411318-M	1	100	390,00 €
4	J.P.M	326789805-V	2	100	480,00 €
5	M.A.D.B.	32700603-P	1	100	390,00 €
6	M.C.V.G.	76411357-K	1	100	390,00 €
7	A.M.A.L.	32696087-T	2	100	480,00 €
8	M.A.R.P.	32705855-Q	2	50	240,00 €
9	V.M.D.L.	32665998-H	2	100	480,00 €
10	C.D.M.S	Y3769007B	1	100	390,00 €
11	O.S.O	32717371-D	1	100	390,00 €
12	C.L.G.	32682658-A	1	50	195,00 €
13	A.C.G.	32694651-J	2	100	480,00 €
14	M.C.P.D.	32683025-W	1	100	390,00 €
15	J.L.C.	32699091-Z	2	50	240,00 €
16	V.F.T.	32701708-D	2	100	480,00 €
17	J.P.P.	76417310-V	2	100	480,00 €
18	M.R.F.	32648317-R	3	100	570,00 €
19	E.V.D	32703885-R	2	50	240,00 €
20	M.L.C.P	32691248-Z	1	100	390,00 €
21	M.C.G.	32700317-K	1	100	390,00 €
22	R.F.A.	32693038-X	1	100	390,00 €

23	D.J.R.	32707943-B	4	100	360,00 €
24	I.C.H.	76416708-J	2	100	480,00 €
25	M.E.R.J.	32702175-Q	1	100	390,00 €
26	M.A.G.P	76418374-T	1	100	390,00 €
27	M.D.G.	76414040-J	2	100	480,00 €
28	M.L.F.	32683024-R	1	100	390,00 €
29	J.M.R.	32701746-R	2	100	180,00 €
30	L.C.T.	76416715-C	1	100	390,00 €
31	M.R.O.C.	32682168-L	2	100	480,00 €
32	C.M.N.	32717715-P	3	100	570,00 €
33	L.S.I.	44840408E	2	100	480,00 €
34	J.G.F.	78801649-S	1	100	45,00 €
35	A.V.P.	32707063-M	1	100	390,00 €
36	R.T.P.	32713548-G	2	100	480,00 €
37	M.B.R.P.	32693200-B	1	100	390,00 €
38	M.M.V.A.	32683067-K	3	50	285,00 €
39	L.H.L.	32691716E	2	100	480,00 €
40	A.I.G.I.	32675915-E	2	50	240,00 €
41	P.S.R.	52499308-Z	3	100	570,00 €
42	M.C.G.G.	79337213-R	4	100	660,00 €
43	M.D.P.L.	76414308-M	1	100	390,00 €
44	M.V.S.M.	32641460-K	2	100	480,00 €
45	A.L.P.	76408791-P	2	100	480,00 €
46	B.B.Q	76414308-M	2	100	480,00 €
47	A.N.R.T.	Y8012724K	3	100	570,00 €
48	C.B.F.	32678515T	1	100	390,00 €

TOTAL	19575 euros
-------	-------------

- En dous casos, por criterio do Departamento, e contrastado co Centro escolar, non se valora axeitado conceder a axuda correspondente a material tecnolóxico, xa que non existe capacidade suficiente de manexo familiar para o control dos dispositivos, o que pode derivar nun mal uso e o correspondente perxuízo para os/as menores.

GASTOS DE TRANSPORTE

8 SOLICITUDES e aplicando criterios de axuda única, as solicitudes correspondentes son:

Nº	NOME	DNI/NIE	Nº MENORES	CANTIDADE
1	A.I.G.I.	32675915-E	1	100 euros
2	P.S.R.	52499308-Z	1	
3	M.C.G.G.	79337213-R	1	
4	M.D.P.L.	76414308-M	1	
5	M.V.S.M.	32641460-K	1	
6	A.L.P.	76408791-P	1	
7	B.B.Q	76414308-M	1	
8	A.N.R.T.	Y8012724K	1	
TOTAL				800 euros

O importe TOTAL de axudas que se proponen conceder ascende a 20375 euros

3.2. NON CUMPREN os requirimentos establecidos nas bases as seguintes:

Nº	NOME	DNI	MOTIVO DENEGACION
1	E.S.V.	32646086-R	TODAS SUPERAN LIMITE DE INGRESOS CONTEMPLADO NAS BASES. PUNTO 6.1
2	Y.G.P.	32711047-X	
3	S.F.L.	32681459-T	
4	C.T.V.	32708753-Q	
5	I.M.P.	32696578-P	

6	S.L.L.	32686504-P	
7	V.M.C.	32692575-F	
8	A.M.P.D.	32693475-X	
9	J.M.C.P.	32700549-T	
10	L.M.L.M.	32693542-P	
11	M.J.N.P.	32708345-E	
12	N.G.S	32686185B	
13	A.I.G.I.	32675915-E	DENÉGASE SÓ A SOLICITUDE DE TRANSPORTE POR SUPERAR INGRESOS

NOTA:

- Unha vez se resolta a subvención, as familias deberán xustificar mediante **documentos formais e Anexo II** debidamente cuberto e asinado entre o **1 e o 15 de outubro** deste ano a compra realizada (xustificantes das compras realizadas cos vales ata o 30 de Setembro de 2021 para os conceptos de material, ou xustificante de ingresar na tarxeta do bus para o concepto de transporte. No caso de matrícula do PAI deberá xustificar presentando o pagamento da matrícula ao recurso).

Este é o informe que se emite para que sexa elevado a comisión avaliadora e que teña efecto a proposta de concesión de axudas para a súa aprobación na Xunta de Goberno Local.

En Valdoviño a 07 de setembro de 2021

Iria García Martínez

Educadora Social"

Con cinco votos a favor e cero votos en contra, acórdase dar para adiante o informe e a proposta de reparto da axuda correspondente.

- Ana Belén Pérez (Concelleira de Servizos Sociais)
- Senén Martínez (Servizos económicos)
- Iria García Martínez (Servizos Sociais)
- Carlota González (Secretaría)
- Alberto González (Alcalde- Presidente)

Valdoviño, 9 de setembro de 2021"

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de concesións das axudas para as medidas de apoio ás familias e menores do ano 2021 por un valor total de 20375 euros e proceder á comunicación das ditas concesións.

Valdoviño, 9 de setembro de 2021

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.

PARTE DE ACTIVIDADE

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as dez horas e quince minutos, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; o que coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde